

NADAL 2011

MUSEO
ETNOGRÁFICO
SAN PAIO DE NARLA
FRIOL



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

CAMPAMENTOS DE NADAL 2011-2012

"Nadal nos museos nun mundo cambiante. Novos retos, novas inspiracións.."
(Lema do ICOM para o ano 2012)

Para o ano 2012 o lema escollido polo ICOM para celebrar o *Día Internacional dos Museos* será "Museos nun mundo cambiante. Novos retos, novas inspiracións".

Hoxe en día, o mundo cambia efectivamente máis rapidamente que nunca e as novas tecnoloxías ofrécennos novas ideas e posibilidades. Dende a Rede Museística queremos despedir o ano e iniciar o novo lembrando que levamos tempo traballando inspirados por ese lema, conectándonos á comunidade mediante os oficios, as novas tecnoloxías e, en conclusión, intentando intercambiar o pasado co futuro.

Ronsel de futuro

Un Nadal con moitos cambios que pretende, seguindo o lema do ICOM, que o novo ano permita aos visitantes interrogarse en canto ao papel dos museos nunha nova sociedade donde constantemente nacen novos medios de comunicación, e descubrir ou redescubrir como os museos da Rede se interesan polo futuro en termos de desenvolvemento sostible.

Todas as actividades incluídas neste programa potencian novas capacidades cognitivas:

- Aprender a coñecer
- Aprender a ser
- Aprender a vivir xuntos
- Aprender a facer

E sobre todo: EMOCIÓN, a importancia da emoción e o asombro na arte de medrar

E unha morea de actividades: Peza sorpresa de Nadal na Rede, Visitas guiadas gratuítas, Itinerario feminino no Nadal...

Videoproxeccións durante todo o Nadal sobre o APALPADOR.



TERRA DE NARLA

Onde a pedra se fai historia da nobreza, de campesiños e artesáns durante a Idade Media. Neste Nadal os nenos e as familias farán historia cos nosos artesáns, canteiros, xastres,... traballando a madeira, a pedra, a seda, a lá, o feltro,... guiándonos polas terras do Señorío de San Paio e polo sinuosa canle do río Narla como compañía.

OBRADOIROS

Os días 27 e 29 de decembro, de 11 a 14 horas e de 16 a 18 horas, quedamos no Museo Etnográfico de San Paio de Narla.

Realizaremos varios obradoiros deseñados, pensados e recomendados para todas as idades (nenos e nenas, pais e nais, avós e avoas..., todos xuntos como na vida): obradoiros de páxinas web, vídeo-arte, códigos QR, canteiros e signos lapidarios na Torre de Xiá, xogos de realidade alternativa, música, literatura, programas de radio, de vestuario, de instrumentos de música tradicional...

INICIATIVAS SOLIDARIAS

Xoguetes solidarios

En colaboración coa Cruz Vermella e con outras organizacións recolleemos xoguetes nos museos para facérllelos chegar a aqueles nenos e nenas que máis os necesitan.

Contra a Fame en África

Súmate á campaña de ideas que ten por obxectivo recadar 90 millóns de euros en 90 días para destinalos integramente a proxectos para combater a urxencia do corno de África, e que executarán ONGs de recoñecida traxectoria e reputación. Máis información:
<http://es.ideas4all.com/static/es/90mn90d.html/>
<http://www.90mn90d.com>

OUTRAS PROPOSTAS

Teatro inclusivo

(DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CONDSCAPACIDADE 2011)

13 de xaneiro, ás 19:30 horas. Representacións da obra "O médico a paos" polo grupo de teatro **Pinchacarneiro**.

NOTA IMPORTANTE

O prazo de inscrición para as actividades que o requiran considérase aberto a partir do anuncio desta convocatoria nos medios de comunicación habituais e na web da Rede Museística e ata que se cubran as prazas previstas por rigorosa orde de inscrición. Matrícula gratuíta.

Horarios de visita

Museo Etnográfico San Paio de Narla

Dende 1 de outubro ao 31 de marzo

Martes a venres: 11 a 14 e 16 a 18 h.

Sábados, domingos e festivos: 12 a 14 e 16 a 18 h.

O museo permanecerá pechado os días:

1 de xaneiro (Aninovo), martes de Entroido,

22 de maio (Sta. Rita), e 24, 25 e 31 de decembro.

Entrada gratuíta

Museo Etnográfico San Paio de Narla

Torre de Xiá

27220 Friol (Lugo)

Tfno.: 982 375 156

sanpaiodenarla@museolugo.org

www.museolugo.org